


CÁLCULO DA PEGADA DE CARBONO NA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PERIODO 2008, 2009, 2010

Gomez-Fontaneda, L.; Perez-Martinez, M; Legido, N.; Varela-Amigo, J.J.; Ramos, S. y Soto, B.

¿Qué é a pegada de carbono?

A pegada de carbono é un indicador que mide a totalidade de gases de efecto invernadoiro (GEI) emitidos por efecto directo ou indirecto de dun individuo, organización, evento ou produto.



Neste traballo tomáronse os valores dun total de once variables :


- Consumo de enerxía eléctrica, tanto para iluminación como para a alimentación de equipos de proxección de imaxes, ordenadores, etc.
- Gasto en combustibles fósiles, tanto en calefacción como na mobilidade, gas natural e gasóleo.
- Consumo de papel.
- Consumo de auga.
- Xeración de residuos.
- Edificación, emisións derivadas da construción dos edificios e da instalacións.
- Mobilidade, emisións asociadas ao emprego de medios motorizados, coche, autobús e motocicleta, para os desprazamentos das persoas desde o seu fogar ata a universidade.

Ademais das instalacións realizadas, a Universidade de Vigo traballa noutros eidos relativos á sensibilización e implantación de boas prácticas e á mellora dos hábitos de comportamento da comunidade universitaria.


Un dos sete programas xerais do Plan SuMA é o denominado "Programa Tp: Transporte". A finalidade deste programa é analizar a mobilidade na Universidade de Vigo e propor accións e medidas de mellora para conseguir unha mobilidade cada vez máis sostible. Neste programa atopámonos coas seguintes actuacións e estudos realizados:

- Programa de conducción eficiente: organización de cursos gratuitos.
- Móvete no circular: servizo de transporte dentro do propio campus.
- Cheo por favor: promove o uso compartido de coche coa finalidade de reducir o transporte privado.
- Día sen coches: organización de actividades o 22 de setembro que pretende divulgar o concepto de mobilidade sostible.

Malia isto, dentro dos aspectos ambientais que constitúen fontes de emisión, a mobilidade foi o máis salientable, representando arredor do 60% das emisións totais. Isto é debido principalmente á situación xeográfica do campus das Lagoas-Marcosende, que se atopa a uns 15 km do centro do centro urbano.



Achegas á pegada de Carbono



Dentro das medidas máis salientables acadadas pola Universidade de Vigo para reducir as súas emisións podemos incluír a instalación de diversas fontes de enerxías renovables: solar térmica e fotovoltaica (campus de Ourense, Área de Deportes, CITE XVI) ou xeotérmica (Biblioteca Central, Unidade Administrativa do campus de Ourense, edificio do CACTI). Así tamén se levan feito melloras na eficiencia enerxética dos edificios, como a substitución de luminarias, illamento térmico ou substitución de caldeiras.

Todas estas medidas contribuíron a unha redución ó redor dun 10% da pegada de carbono e un 17% nas Tm de CO2 per cápita.




¿Qué é a pegada ecolóxica?

A pegada ecolóxica é un indicador de impacto ambiental xerado pola demanda humana, que se fai dos recursos existentes nos ecosistemas do planeta, relacionándoa coa capacidade ecolóxica da terra de rexenerar os seus recursos.

Comparativa de pegada ecolóxica da Universidade de Vigo con outras universidades.

Universidade	Localización	Ano	Pegada Ecolóxica (hag/cap)
Universidade de Vigo	Vigo, Ourense y Pontevedra (España)	2010	0,15
Universidad de León	León (España)	2006	0,45
Universidade de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela (España)	2008	0,27
University of Toronto at Mississauga	Ontario (Canadá)	2005	1,04
University of Newcastle	Newcastle (Australia)	1999	0,19
University of Redlands	California (EEUU)	1998	0,85
University of Holme, Lacy College	Herefordshire (Inglaterra)	2001	0,56



Universidade de Vigo

